dos de plena independencia financeira, patrimonial e contable.

2. O Consorcio constituirá a provisión técnica de estabilización de forma separada para as coberturas relativas ao seguro agrario combinado e para o resto das coberturas e, polo que respecta a estas últimas, de maneira global para todas as coberturas afectadas. Esta provisión dotarase conforme os criterios específicos que regulamentariamente se determinen, considerando que debe atender tamén a indemnizar sinistros co carácter de fondo de garantía e nas súas funcións de compensación, e terá a consideración de partida deducible para efectos de determinar a base impoñible do imposto sobre sociedades correspondente ao exercicio en que se efectúe tal dotación, sempre que a contía total da provisión non supere os límites que se establezan regulamentariamente.

Artigo 25. *Réxime de orzamento, contabilidade e de control.*

1. O programa de actuación plurianual e os orzamentos de explotación e capital axustaranse ao disposto nos artigos 64 e 65 da Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria. En todo caso, na liquidación do orzamento os excedentes que se poidan producir incorporaranse ao patrimonio da entidade.

2. Axustarase na súa contabilidade e suxeitarase ao control económico e financeiro e ao de eficacia que para as entidades de seguros establece a lexislación aplicable a estas entidades, e ás normas que a Lei 47/2003, do 26 de novembro, xeral orzamentaria, dedica neste ámbito ás entidades públicas empresariais.

Artigo 26. *Réxime de contratación e acceso ao crédito.*

1. A contratación do Consorcio levarase a efecto polas normas de dereito privado, civil, mercantil ou laboral.

2. O Consorcio poderá realizar todo tipo de operacións financeiras e, en particular, concertar operacións activas e pasivas de crédito e préstamo calquera que sexa a forma en que se instrumenten, mesmo mediante a emisión de obrigacións, bonos, obrigas de pagamento ou outros valores análogos.

Estas operacións financeiras do Consorcio terán as seguintes características:

a) Corresponderalle ao Consello de Administración contraer crédito e emitir débeda, concertando ou fixando o seu prazo, tipo de xuro e demais características, así como establecer a representación total ou parcial da débeda emitida en obrigacións, bonos, obrigas de pagamento ou outros títulos-valores ou documentos que formalmente a recoñezan ou, en canto o permitan as disposicións vixentes, en anotacións en conta.

b) No seu endebedamento, o Consorcio suxeitarase aos límites establecidos para cada exercicio pola Lei de orzamentos xerais do Estado. Este límite terá o carácter de neto e será efectivo ao termo do exercicio.

c) A débeda instrumentada en valores negociables en bolsa será admitida de oficio á negociación nas bolsas de valores.

d) As obrigacións patrimoniais do Consorcio teñen a garantía do Estado nos mesmos termos que as da Facenda pública.

Disposición adicional única. *Adaptación do ámbito funcional do Consorcio á evolución do mercado asegurador.*

Mediante real decreto poderase reducir o ámbito funcional do Consorcio segundo a evolución do mercado asegurador.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6. da Constitución.

Disposición derradeira segunda. *Potestade regulamentaria.*

Correspóndelle ao Goberno, por proposta do ministro de Economía e Facenda e do ministro de Administracións Públicas, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver este estatuto legal nas materias que se atribúen expresamente á potestade regulamentaria, así como, en xeral, en todas aquelas susceptibles de desenvolvemento regulamentario en que sexa preciso para a súa correcta execución.

Correspóndelle ao ministro de Economía e Facenda, logo de audiencia da Xunta Consultiva de Seguros e Fondos de Pensións, desenvolver este estatuto legal nas materias que especificamente atribúe á potestade regulamentaria do dito ministro.

**18911** *REAL DECRETO LEXISLATIVO 8/2004, do 29 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.* («BOE» 267, do 5-11-2004.)

Este real decreto lexislativo ten por obxecto aprobar un texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, que dá cumprimento ao mandato conferido ao Goberno pola disposición derradeira primeira da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados. A dita disposición derradeira autoriza o Goberno para que, no prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei 34/2003, do 4 de novembro, elabore e aprobe un texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, que substitúa o aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, que inclúa as modificacións introducidas por leis posteriores. A delegación inclúe a facultade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que deben ser refundidos.

O Decreto 632/1968, do 21 de marzo, aprobou o texto refundido da Lei 122/1962, do 24 de decembro, sobre uso e circulación de vehículos de motor. O dito texto refundido foi obxecto durante a súa vixencia de variadas e profundas modificacións.

O Real decreto lexislativo 1301/1986, do 28 de xuño, polo que se adapta o texto refundido da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor ao ordenamento xurídico comunitario, que posteriormente foi derrogado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, deulle nova redacción ao título I do texto refundido da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, co fin de adecuar o seu contido á Direc-

tiva 72/166/CEE do Consello, do 24 de abril de 1972, modificada pola Directiva 72/430/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1972, e á Directiva 84/5/CEE do Consello, do 30 de decembro de 1983, relativas á aseguranza da responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e ao control da obriga de asegurar esta responsabilidade (primeira e segunda directivas do seguro de automóbiles).

A incorporación destas normas comunitarias exixía, por un lado, a adaptación da cobertura do seguro obrigatorio de automóbiles ao ámbito territorial dos Estados membros, exixencia que en parte tivera lugar a partir da adhesión de España ás Comunidades Europeas, e, polo outro, a subscrición obrigatoria dun seguro de responsabilidade civil que cubrise, nos termos e coa extensión prevista na normativa comunitaria, tanto os danos corporais como os materiais. Igualmente, os Estados membros debían constituír ou recoñecer un organismo que tivese por misión reparar, ao menos nos límites do seguro obrigatorio, os ditos danos corporais ou materiais, nos supostos previstos na normativa comunitaria, o que obrigou a revisar e ampliar as funcións do Consorcio de Compensación de Seguros, entidade que viña desempeñando no noso país a misión do organismo antes mencionado.

A Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida, e de actualización da lexislación de seguros privados, introduciu pequenas modificacións no título II da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor, que afectaron os seus artigos 6, 12, 14, 16 e 17, e derrogou o seu artigo 13.

A Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, incorporou ao dereito español as normas contidas nunha serie de directivas comunitarias, entre elas, a Directiva 90/232/CEE do Consello, do 14 de maio de 1990, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles (terceira directiva do seguro de automóbiles). Esta terceira directiva ampliaba o sistema obrigatorio de cobertura nun seguro moi sensible socialmente, dada a importancia crecente da circulación de vehículos de motor, así como das responsabilidades derivadas dos accidentes ocasionados coa súa utilización. O réxime de garantías contido na norma comunitaria supuña que, no ámbito dos danos ás persoas, unicamente os sufridos polo condutor quedaban excluídos da cobertura polo seguro obrigatorio; que a prima única que se satisfai en todas as pólizas de seguro obrigatorio cobre, en todo o territorio do Espazo Económico Europeo, os límites legais daquel conforme a lexislación do Estado membro en que se ocasiona o sinistro ou, incluso, a do estacionamento do vehículo, cando estes límites sexan superiores; que en ningún caso pode condicionarse o pagamento da indemnización polo seguro obrigatorio á demostración de que o responsable non a pode satisfacer; e, finalmente, que as persoas implicadas no accidente poidan coñecer no prazo máis breve posible a entidade aseguradora que cobre a responsabilidade civil do causante.

Todos estes aspectos se incorporaron a través da profunda modificación que a disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, levou a cabo no título I da Lei sobre uso e circulación de vehículos de motor, reorganizándoo integramente, de modo que respondese ao conxunto das tres directivas que foron adoptadas neste seguro. Ademais, co obxecto de clarificar o seu ámbito e resaltar a importancia dos cambios introducidos, modificou a súa denominación, que pasou a ser a de Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

Fóra xa do marco de adaptación á normativa comunitaria, a disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, incorporou á xa Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor un anexo co título de «Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación», no cal se recolle un sistema legal de delimitación cuantitativa do importe das indemnizacións exixibles como consecuencia da responsabilidade civil en que se incorre con motivo da circulación de vehículos de motor. Este sistema indemnizatorio imponse en todo caso, con independencia da existencia ou inexistencia de seguro e dos límites cuantitativos de aseguranza obrigatoria, e artícúlase a través dun cadro de importes fixados en función dos distintos conceptos indemnizables que permiten, atendidas as circunstancias de cada caso concreto e dentro dunhas marxes máximas e mínimas, individualizar a indemnización derivada dos danos sufridos polas persoas nun accidente de circulación. Constitúe, por tanto, unha cuantificación legal do «dano causado» a que se refire o artigo 1.902 do Código civil, e da responsabilidade civil a que fai referencia o artigo 116 do Código penal.

Finalmente, a disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, engadiu á Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor unha disposición adicional relativa á mora do asegurador.

A adopción da Directiva 2000/26/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de maio de 2000, relativa á aproximación das lexislacións dos Estados membros sobre o seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos automóbiles e pola que se modifican as Directivas 73/239/CEE e 88/357/CEE do Consello (cuarta directiva sobre o seguro de automóbiles), exixiu a modificación dunha serie de normas legais, entre elas, novamente a Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

A directiva ten como obxectivo remover as lagoas existentes no que se refire á liquidación de sinistros nos casos de accidentes de circulación ocorridos nun Estado membro distinto ao de residencia do prexudicado, e son tres os mecanismos que prevé para cumprir a finalidade comentada: a figura do representante para a tramitación e liquidación de sinistros no país de residencia do prexudicado, a figura dos organismos de información e a figura dos organismos de indemnización.

Tal modificación levouna a cabo o artigo 33 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro. O dito precepto modificou o artigo 8 da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor e engadiulle un novo título, o título III, «Dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado, en relación coa aseguranza obrigatoria».

Ademais, a Lei 44/2002, do 22 de novembro, modificou no seu artigo 11 a Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, para recoller as novas funcións do Consorcio de Compensación de Seguros como liquidador de entidades aseguradoras, ao ser suprimida polo seu artigo 10 a Comisión Liquidadora de Entidades Aseguradoras e pasar as súas funcións, patrimonio e persoal a ser asumidos polo consorcio desde a súa entrada en vigor.

Máis recentemente, a Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados, reformou a Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. As modificacións introducidas afectan o seu artigo 3, para axilizar determinados aspectos do procedemento para sancionar o incumprimento da obriga de asegurarse; o seu artigo 8, para outorgar garantía indemnizatoria ao prexudicado residente en España con independencia do Estado de estacionamento habitual do vehículo que, circulando sen seguro, causa o accidente; e a terceira e última modificación ten por obxecto a modificación da táboa VI do sistema para a valoración dos danos

e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación que figura como anexo da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.

A carón das reformas anteriormente citadas, cómpre considerar a existencia doutras normas, con incidencia no contido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor. Así, a Lei 40/1998, do 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, engadiu unha disposición derradeira, relativa á habilitación regulamentaria.

A Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil, declarou derrogados os seus artigos 17 e 18 e modificou a súa disposición adicional.

A Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou o seu artigo 1.4, co fin de precisar que non se considerarán feitos da circulación os derivados da utilización do vehículo de motor como instrumento da comisión de delitos dolosos contra as persoas e os bens.

A Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificou o seu artigo 3, relativo ás consecuencias do incumprimento da obriga de se asegurar.

O texto refundido debe recoller tamén as consecuencias que, sobre a aplicación dos factores de corrección sobre as indemnizacións básicas por incapacidade temporal recollidas na táboa V do sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación, supuxo a Sentenza do Tribunal Constitucional 181/2000, do 29 de xuño, que declarou a súa inconstitucionalidade nos supostos en que a causa determinante do dano que se debe reparar sexa a culpa relevante e, se é o caso, xudicialmente declarada, imputable ao axente causante de feito decisivo.

Por outra parte, dado o tempo transcorrido desde a aprobación do texto refundido de 1968, resulta necesario adecuar as referencias e contido do articulado ao ordenamento xurídico vixente na actualidade. É o caso das referencias ao Código penal aprobado pola Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, ás modificacións da Lei de axuizamento criminal, ou á Lei orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do poder xudicial, entre outras, tarefa que se leva a cabo no texto refundido que agora se aproba.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía e Facenda e dos ministros de Xustiza e de Interior, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 29 de outubro de 2004,

D I S P O Ñ O :

Artigo único. *Aprobación do texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor.*

Apróbase o texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Remisións normativas.*

As referencias normativas efectuadas noutras disposicións ao texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo, entenderanse efectuadas aos preceptos correspondentes do texto refundido que se aproba.

Disposición derrogatoria única. *Normas derrogadas.*

Quedan derrogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido no texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor que se aproba e, en particular, as seguintes disposicións:

a) O texto refundido da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, aprobado polo Decreto 632/1968, do 21 de marzo.

b) A disposición adicional quinta da Lei 21/1990, do 19 de decembro, para adaptar o dereito español á Directiva 88/357/CEE, sobre liberdade de servizos en seguros distintos ao de vida, e de actualización da lexislación de seguros privados.

c) A disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados.

d) A disposición adicional décimo quinta da Lei 50/1998, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

e) A disposición derradeira décimo terceira da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

f) O artigo 71 da Lei 14/2000, do 29 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

g) O punto segundo do artigo 11 e o artigo 33 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro.

h) O artigo terceiro da Lei 34/2003, do 4 de novembro, de modificación e adaptación á normativa comunitaria da lexislación de seguros privados.

i) O artigo 89 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto lexislativo e o texto refundido que aproba entrarán en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 29 de outubro de 2004.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,
MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

## TEXTO REFUNDIDO DA LEI SOBRE RESPONSABILIDADE CIVIL E SEGURO NA CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR

ÍNDICE

Título I. Ordenación civil.

Capítulo I. Disposicións xerais.

Artigo 1. Da responsabilidade civil.

Capítulo II. Da aseguranza obrigatoria.

Sección 1. Do deber de subscrición do seguro obrigatorio.

Artigo 2. Da obriga de asegurarse.
Artigo 3. Incumprimento da obriga de asegurarse.

Sección 2. Ámbito da aseguranza obrigatoria.

Artigo 4. Ámbito territorial e límites cuantitativos.
Artigo 5. Ámbito material e exclusións.
Artigo 6. Inopoñibilidade polo asegurador.

Capítulo III. Satisfacción da indemnización no ámbito do seguro obrigatorio.

Artigo 7. Obrigas do asegurador.
Artigo 8. Declaración amigable de accidente.
Artigo 9. Mora do asegurador.
Artigo 10. Facultade de repetición.
Artigo 11. Funcións do Consorcio de Compensación de Seguros.

Título II. Ordenamento procesual civil.

Capítulo único. Das dilixencias preparatorias e o exercicio xudicial da acción executiva.

Artigo 12. Procedemento.
Artigo 13. Dilixencias no proceso penal preparatorias da execución.
Artigo 14. Dilixencias preparatorias en vía civil.
Artigo 15. Reclamación ao asegurador.
Artigo 16. Obriga de pagamento.
Artigo 17. Títulos executivos.
Artigo 18. Límite cuantitativo.
Artigo 19. Gastos da taxación pericial.

Título III. Dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado, en relación coa aseguranza obrigatoria.

Capítulo I. Ámbito de aplicación.

Artigo 20. Ámbito de aplicación.

Capítulo II. Representante encargado da tramitación e liquidación no país de residencia do prexudicado dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia deste último.

Artigo 21. Elección, poderes e funcións do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado polas entidades aseguradoras autorizadas en España en cada un dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.
Artigo 22. Procedemento de reclamación dos prexudicados non residentes en España ante as entidades aseguradoras autorizadas en España ou os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados no resto dos Estados do Espazo Económico Europeo.
Artigo 23. Procedemento de reclamación do prexudicado con residencia en España ante as entidades aseguradoras autorizadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo ou ante os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados en España.

Capítulo III. Organismo de información.

Artigo 24. Designación e funcións do organismo de información.
Artigo 25. Obtención de información do Consorcio de Compensación de Seguros.
Capítulo IV. Organismo de indemnización.
Artigo 26. Designación.
Artigo 27. Reclamacións ante Ofesauto na súa condición de organismo de indemnización español.
Artigo 28. Dereito de repetición entre organismos de indemnización, subrogación e reembolso.
Artigo 29. Non identificación do vehículo ou da entidade aseguradora.

Capítulo V. Colaboración e acordos entre organismos. Lei aplicable e xurisdición competente.

Artigo 30. Colaboración e acordos entre organismos.
Artigo 31. Lei aplicable e xurisdición competente.

Disposición transitoria única. *Subsistencia das contías indemnizatorias actualizadas das táboas I a V do anexo «Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación», da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, incorporado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro.*

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Anexo. Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación.

## TÍTULO I

## **Ordenación civil**

### CAPÍTULO I

### **Disposicións xerais**

Artigo 1. *Da responsabilidade civil.*

1. O condutor de vehículos de motor é responsable, en virtude do risco creado pola condución destes, dos danos causados ás persoas ou nos bens con motivo da circulación.

No caso de danos ás persoas, desta responsabilidade só quedará exonerado cando probe que os danos foron debidos unicamente á conduta ou á neglixencia do prexudicado ou a forza maior estraña á condución ou ao funcionamento do vehículo; non se considerarán casos de forza maior os defectos do vehículo nin a rotura ou fallo dalgunha das súas pezas ou mecanismos.

No caso de danos nos bens, o condutor responderá fronte a terceiros cando resulte civilmente responsable segundo o establecido nos artigos 1.902 e seguintes do Código civil, artigos 109 e seguintes do Código penal, e segundo o disposto nesta lei.

Se concorresen a neglixencia do condutor e a do prexudicado, procederase á equitativa moderación da responsabilidade e á repartición na contía da indemnización, atendida a respectiva entidade das culpas concorrentes.

O propietario non condutor responderá dos danos ás persoas e nos bens ocasionados polo condutor cando estea vinculado con este por algunha das relacións que regulan os artigos 1.903 do Código civil e 120.5 do Código penal. Esta responsabilidade cesará cando o mencionado propietario probe que empregou toda a dilixencia dun bo pai de familia para previr o dano.

2. Os danos e perdas causados ás persoas, comprensivos do valor da perda sufrida e da ganancia que deixasen de obter, previstos, previsibles ou que coñecidamente se deriven do feito xerador, incluíndo os danos morais, cuantificaranse en todo caso conforme os criterios e dentro dos límites indemnizatorios fixados no anexo desta lei.

3. As indemnizacións pagadas conforme o disposto no punto 2 terán a consideración de indemnizacións na contía legalmente recoñecida, para os efectos do artigo 7.d) do texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2004, do 5 de marzo, en tanto sexan aboadas por unha entidade aseguradora como consecuencia da responsabilidade civil do seu asegurado.

4. Regulamentariamente, definiranse os conceptos de vehículos de motor e feito da circulación, para os efec-

tos desta lei. En todo caso, non se considerarán feitos da circulación os derivados da utilización de vehículo de motor como instrumento da comisión de delitos dolosos contra as persoas e os bens.

## CAPÍTULO II

## Da aseguranza obrigatoria

### SECCIÓN 1.ª DO DEBER DE SUBSCRICIÓN DO SEGURO OBRIGATORIO

Artigo 2. *Da obriga de asegurarse.*

1. Todo propietario de vehículos de motor que teña o seu estacionamento habitual en España estará obrigado a subscribir un contrato de seguro por cada vehículo de que sexa titular, que cubra, ata a contía dos límites da aseguranza obrigatoria, a responsabilidade civil a que se refire o artigo 1. Non obstante, o propietario quedará eximido de tal obriga cando o seguro sexa concertado por calquera persoa que teña interese na aseguranza, quen deberá expresar o concepto en que contrata.

Enténdese que o vehículo ten o seu estacionamento habitual en España:

a) Cando ten matrícula española.
b) Cando se trate dun tipo de vehículo para o cal non exista matrícula, pero leve placa de seguro ou signo distintivo análogo á matrícula e España sexa o Estado onde se expediu esta placa ou signo.
c) Cando se trate dun tipo de vehículo para o cal non exista matrícula, placa de seguro ou signo distintivo e España sexa o Estado do domicilio do usuario.

2. Co obxecto de controlar o efectivo cumprimento da obriga a que se refire o punto 1, as entidades aseguradoras remitirán ao Ministerio de Economía e Facenda, a través do Consorcio de Compensación de Seguros, a información sobre os contratos de seguro que sexa necesaria para o exercicio do dito control cos requisitos, na forma e coa periodicidade que se determine regulamentariamente. O Ministerio de Economía e Facenda colaborará co Ministerio do Interior para o adecuado exercicio das súas respectivas competencias neste ámbito.

Quen, conforme o punto 1, subscribise o contrato de seguro deberá acreditar a súa vixencia para que as persoas implicadas nun accidente de circulación poidan coñecer o antes posible as circunstancias relativas ao contrato e á entidade aseguradora, sen prexuízo das medidas administrativas que se adopten ao indicado fin, todo isto, na forma que se determine regulamentariamente.

As autoridades aduaneiras españolas serán competentes para comprobar a existencia e, se é o caso, exixir aos vehículos estranxeiros de países non membros do Espazo Económico Europeo que non estean adheridos ao acordo entre as oficinas nacionais de seguros dos Estados membros do Espazo Económico e doutros Estados asociados e que pretendan acceder ao territorio nacional a subscrición dun seguro obrigatorio que reúna, polo menos, as condicións e garantías establecidas na lexislación española. No seu defecto, deberán denegarlles o dito acceso.

3. Ademais, a póliza en que se formalice o contrato de seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria poderá incluír, con carácter potestativo, as coberturas que libremente se pacten entre o tomador e a entidade aseguradora conforme a lexislación vixente.

4. En todo o non previsto expresamente nesta lei e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento, o contrato de seguro de responsabilidade civil derivada da circulación de vehículos de motor rexerase pola Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Artigo 3. *Incumprimento da obriga de asegurarse.*

1. O incumprimento da obriga de asegurarse determinará:

a) A prohibición de circulación por territorio nacional dos vehículos non asegurados.
b) O depósito do vehículo, con cargo ao seu propietario, mentres non sexa concertado o seguro.

Acordarase o depósito do vehículo polo tempo dun mes, que en caso de reincidencia será de tres meses e no suposto de quebrantamento do depósito será dun ano, e deberá demostrarse, ao final do depósito, que se dispón do seguro correspondente. Os gastos que se orixinen como consecuencia do depósito do vehículo serán por conta do propietario, que deberá aboalos ou garantir o seu pagamento como requisito previo á devolución do vehículo.

Calquera axente da autoridade que no exercicio das súas funcións requira a presentación do documento acreditativo da existencia do seguro e non lle sexa exhibido formulará a correspondente denuncia á autoridade competente, que ordenará o inmediato precinto e depósito do vehículo se no prazo de cinco días non se xustifica ante ela a existencia do seguro.

En todo caso, a non presentación, por requirimento dos axentes, da documentación acreditativa do seguro será sancionada con 60 euros de multa.

c) Unha sanción pecuniaria de 601 a 3.005 euros de multa, graduada segundo que o vehículo circulase ou non, a súa categoría, o servizo que preste, a gravidade do prexuízo causado, se é o caso, a duración da falta de aseguranza e a reiteración da mesma infracción.

2. Para sancionar a infracción serán competentes os delegados do Goberno ou as autoridades competentes das comunidades autónomas a que se transferisen funcións nesta materia, competentes por razón do lugar en que se denuncie a infracción. Para estes efectos, as competencias de exercicio da potestade sancionadora atribuídas aos delegados do Goberno poderán ser desconcentradas mediante disposición ditada polo ministro do Interior.

3. O procedemento sancionador será o previsto no texto articulado da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade vial, aprobado polo Real decreto lexislativo 339/1990, do 2 de marzo, na forma que regulamentariamente se determine, e será instruído polas xefaturas de Tráfico ou polas autoridades das comunidades autónomas a que se transferise a execución de funcións nesta materia, competentes por razón do lugar en que se cometese o feito. En todo caso, as sancións de multa previstas poderanse facer efectivas antes de que se dite resolución do expediente sancionador cunha redución do 30 por cento sobre a contía correspondente que fose consignada no boletín de denuncia polo axente ou, no seu defecto, na notificación posterior da dita denuncia polo instrutor do expediente, e isto sempre que se acredite mediante o recibo de prima a subscrición do seguro de responsabilidade civil do automóbil con anterioridade á data da denuncia.

4. O Ministerio do Interior e as autoridades competentes das comunidades autónomas a que se transferisen competencias en materia sancionadora entregaranlle ao Consorcio de Compensación de Seguros o 50 por cento do importe das sancións recadadas para o efecto, para compensar parte das indemnizacións satisfeitas por este último ás vítimas da circulación no cumprimento das funcións que legalmente ten atribuídas.

### Sección 2. Ámbito da aseguranza obrigatoria

Artigo 4. *Ámbito territorial e límites cuantitativos.*

1. O seguro de subscrición obrigatoria previsto nesta lei garantirá a cobertura da responsabilidade civil en vehículos terrestres automóbiles con estacionamento habitual en España, mediante o pagamento dunha soa prima, en todo o territorio do Espazo Económico Europeo e dos Estados adheridos ao acordo entre as oficinas nacionais de seguros dos Estados membros do Espazo Económico e doutros Estados asociados.

2. O importe máximo da cobertura da aseguranza obrigatoria alcanzará, nos danos ás persoas e nos bens, os límites que regulamentariamente se determinen. Nos danos ás persoas, o importe fixarase por vítima, e nos danos nos bens fixarase por sinistro.

Para fixar a contía da indemnización con cargo ao seguro de subscrición obrigatoria nos danos causados ás persoas, o seu importe determinarase conforme o disposto no punto 2 do artigo 1. Se a contía así fixada resultase superior ao importe máximo da cobertura da aseguranza obrigatoria, satisfarase, con cargo ao citado seguro obrigatorio, o dito importe máximo, e o resto ata o montante total da indemnización quedará a cargo do seguro voluntario ou do responsable do sinistro, segundo proceda.

3. Cando o sinistro sexa ocasionado nun Estado adherido ao acordo entre as oficinas nacionais de seguros dos Estados membros do Espazo Económico e doutros Estados asociados, distinto de España, por un vehículo que teña o seu estacionamento habitual en España, aplicaranse os límites de cobertura fixados polo Estado membro en que teña lugar o sinistro. Non obstante, se o sinistro se produce nun Estado membro do Espazo Económico Europeo, aplicaranse os límites de cobertura previstos no punto 2, sempre que estes sexan superiores aos establecidos no Estado onde se producise o sinistro.

Artigo 5. *Ámbito material e exclusións.*

1. A cobertura do seguro de subscrición obrigatoria non alcanzará os danos ocasionados á persoa do condutor do vehículo asegurado.

2. A cobertura do seguro de subscrición obrigatoria tampouco alcanzará os danos nos bens sufridos polo vehículo asegurado, polas cousas nel transportadas nin polos bens dos cales resulten titulares o tomador, o asegurado, o propietario ou o condutor, así como os do cónxuxe ou os parentes ata o terceiro grao de consanguinidade ou afinidade dos anteriores.

3. Quedan tamén excluídos da cobertura dos danos persoais e materiais polo seguro de subscrición obrigatoria os que sufrisen danos con motivo da circulación do vehículo causante, se fose roubado. Para os efectos desta lei, enténdese por roubo a conduta tipificada como tal no Código penal. Nos supostos de roubo será de aplicación o disposto no artigo 11.1.c).

Artigo 6. *Inopoñibilidade polo asegurador.*

O asegurador non poderá opor fronte ao prexudicado ningunha outra exclusión, pactada ou non, da cobertura distinta das recollidas no artigo anterior.

En particular, non o poderá facer a respecto daquelas cláusulas contractuais que exclúan da cobertura a utilización ou condución do vehículo designado na póliza por quen careza de permiso de conducir, incumpra as obrigas legais de orde técnica relativas ao estado de seguridade do vehículo ou, fóra dos supostos de roubo, utilice ilexitimamente vehículos de motor alleos ou non estean autorizados expresa ou tacitamente polo seu propietario.

## CAPÍTULO III

### Satisfacción da indemnización no ámbito do seguro obrigatorio

Artigo 7. *Obrigas do asegurador.*

O asegurador, dentro do ámbito da aseguranza obrigatoria e con cargo ao seguro de subscrición obrigatoria, deberalle satisfacer ao prexudicado o importe dos danos sufridos na súa persoa e nos seus bens. O prexudicado, ou os seus herdeiros, terán acción directa para exixilo. Unicamente quedará exonerado desta obriga se proba que o feito non dá lugar á exixencia de responsabilidade civil conforme o artigo 1.

Prescribe polo transcurso dun ano a acción directa para exixirlle ao asegurador a satisfacción ao prexudicado do importe dos danos sufridos polo prexudicado na súa persoa e nos seus bens.

En todo caso, o asegurador deberá, ata o límite cuantitativo da aseguranza obrigatoria, afianzar as responsabilidades civís e aboar as pensións que lles exixise a autoridade xudicial aos presuntos responsables asegurados, de acordo co establecido nos artigos 764 e 765 da Lei de axuizamento criminal.

Artigo 8. *Declaración amigable de accidente.*

Para axilizar as indemnizacións no ámbito dos danos materiais orixinados con ocasión do uso e circulación de vehículos de motor, o asegurador facilitará exemplares da denominada «declaración amigable de accidente» que deberá utilizar o condutor para a declaración dos sinistros á súa aseguradora.

Artigo 9. *Mora do asegurador.*

Se o asegurador incorrese en mora no cumprimento da prestación no seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos danos e perdas causados ás persoas ou nos bens con motivo da circulación, a indemnización de danos e perdas debidos polo asegurador rexerase polo disposto no artigo 20 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, coas seguintes peculiaridades:

a) Non se imporán xuros por mora cando as indemnizacións fosen satisfeitas ou consignadas ante o xulgado competente en primeira instancia para coñecer do proceso que se derivase do sinistro, dentro dos tres meses seguintes á súa produción. A consignación poderase facer en diñeiro efectivo, mediante un aval solidario de duración indefinida e pagadoiro ao primeiro requirimento emitido por entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca ou por calquera outro medio que, a xuízo do tribunal, garanta a inmediata dispoñibilidade, se é o caso, da cantidade consignada.

b) Cando os danos causados ás persoas tivesen que sufrilos estas durante máis de tres meses ou a súa exacta valoración non puidese ser determinada para efectos da consignación, o tribunal, á vista das circunstancias do caso e dos ditames e informes que precise, resolverá sobre a suficiencia ou ampliación da cantidade consignada polo asegurador, atendendo aos criterios e dentro dos límites indemnizatorios fixados no anexo desta lei. Contra a resolución xudicial que recaia non caberá recurso ningún.

c) Cando, con posterioridade a unha sentenza absolutoria ou a outra resolución xudicial que poña fin, provisional ou definitivamente, a un proceso penal e na que se acordase que a suma consignada sexa devolta ao asegurador ou a consignación realizada noutra forma quede

sen efecto, se inicie proceso civil en razón da indemnización debida polo seguro, será de aplicación o disposto no artigo 20.4 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, salvo que novamente se consigne a indemnización dentro dos 10 días seguintes á notificación ao asegurado do inicio do proceso.

Artigo 10. *Facultade de repetición.*

O asegurador, unha vez efectuado o pagamento da indemnización, poderá repetir:

a) Contra o condutor, o propietario do vehículo causante e o asegurado, se o dano causado for debido á conduta dolosa de calquera deles ou á condución baixo a influencia de bebidas alcohólicas ou de drogas tóxicas, estupefacientes ou substancias psicotrópicas.
b) Contra o terceiro responsable dos danos.
c) Contra o tomador do seguro ou asegurado por causas previstas na Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro, e no propio contrato de seguro.
d) En calquera outro suposto en que tamén puidese proceder tal repetición conforme as leis.

A acción de repetición do asegurador prescribe polo transcurso do prazo dun ano, contado a partir da data en que fixo o pagamento ao prexudicado.

Artigo 11. *Funcións do Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. Correspóndelle ao Consorcio de Compensación de Seguros, dentro do ámbito territorial e ata o límite cuantitativo da aseguranza obrigatoria:

a) Indemnizar os que sufrisen danos nas súas persoas, por sinistros ocorridos en España, naqueles casos en que o vehículo causante sexa descoñecido.
b) Indemnizar os danos ás persoas e nos bens, ocasionados cun vehículo que teña o seu estacionamento habitual en España, así como os ocasionados dentro do territorio español a persoas con residencia habitual en España ou a bens da súa propiedade situados en España cun vehículo con estacionamento habitual nun terceiro país non asinante do Acordo entre as oficinas nacionais de seguros dos Estados membros do Espazo Económico e doutros Estados asociados, en ambos os casos cando o dito vehículo non estea asegurado.
c) Indemnizar os danos ás persoas e nos bens producidos por un vehículo con estacionamento habitual en España que estea asegurado e fose roubado.
d) Indemnizar os danos ás persoas e nos bens cando, en supostos incluídos dentro do ámbito da aseguranza de subscrición obrigatoria ou nos parágrafos precedentes deste artigo, xurdise controversia entre o Consorcio de Compensación de Seguros e a entidade aseguradora acerca de quen debe indemnizar o prexudicado. Non obstante o anterior, se ulteriormente se resolve ou acorda que corresponde indemnizar a entidade aseguradora, esta reembolsaralle ao Consorcio de Compensación de Seguros a cantidade indemnizada máis os xuros legais, incrementados nun 25 por cento, desde a data en que aboou a indemnización.
e) Indemnizar os danos ás persoas e nos bens cando a entidade española aseguradora do vehículo con estacionamento habitual en España fose declarada xudicialmente en concurso ou, sendo disolta e encontrándose en situación de insolvencia, estivese suxeita a un procedemento de liquidación intervida ou esta fose asumida polo propio Consorcio de Compensación de Seguros.
f) Reembolsar as indemnizacións satisfeitas aos prexudicados residentes noutros Estados do Espazo Económico Europeo polos organismos de indemnización, nos seguintes supostos:

1. Cando o vehículo causante do accidente teña o seu estacionamento habitual en España, no caso de que non poida identificarse a entidade aseguradora.
2. Cando o accidente ocorrese en España, no caso de que non poida identificarse o vehículo causante.
3. Cando o accidente ocorrese en España, no caso de vehículos con estacionamento habitual en terceiros países adheridos ao sistema de Certificado internacional do seguro do automóbil, expedido por unha oficina nacional conforme a recomendación número 5 adoptada o 25 de xaneiro de 1949 polo Subcomité de Transportes por Estrada do Comité de Transportes Interiores da Comisión Económica para Europa da Organización das Nacións Unidas (en diante, carta verde).

Nos supostos previstos nas alíneas b) e c), quedarán excluídos da indemnización polo consorcio os danos ás persoas e nos bens sufridos polos que ocupasen voluntariamente o vehículo causante do sinistro, coñecendo que este non estaba asegurado ou que fora roubado, sempre que o consorcio probase que aqueles coñecían tales circunstancias. Ademais, nos casos previstos nos ditos parágrafos b) e c), o consorcio aplicaralle ao prexudicado, no suposto de danos nos bens, a franquía que regulamentariamente se determine.
2. O Consorcio de Compensación de Seguros asumirá as funcións que como organismo de información lle atribúen os artigos 24 e 25 desta lei.
3. O prexudicado terá acción directa contra o Consorcio de Compensación de Seguros nos casos sinalados neste artigo, e este poderá repetir nos supostos definidos no artigo 10, así como contra o propietario e o responsable do accidente cando se trate de vehículo non asegurado, ou contra os autores, cómplices ou encubridores do roubo do vehículo causante do sinistro, así como contra o responsable do accidente que coñeceu da subtracción daquel.
4. O consorcio non poderá condicionar o pagamento da indemnización á proba por parte do prexudicado de que a persoa responsable non pode pagar ou se nega a facelo.

## TÍTULO II

## Ordenamento procesual civil

### CAPÍTULO ÚNICO

### Das dilixencias preparatorias e o exercicio xudicial da acción executiva

Artigo 12. *Procedemento.*

A acción conferida nos artigos 7 e 11.3 á vítima ou aos seus herdeiros contra o asegurador exercerase na forma establecida neste título.

Artigo 13. *Dilixencias no proceso penal preparatorias da execución.*

Cando nun proceso penal, incoado por feito cuberto polo seguro de responsabilidade civil de subscrición obrigatoria na circulación de vehículos de motor, se declare a rebeldía do acusado, ou recaese sentenza absolutoria ou outra resolución que lle poña fin, provisional ou definitivamente, sen declaración de responsabilidade, se o prexudicado non renunciase á acción civil nin a reservase para exercela separadamente, antes de acordar o arquivo da causa, o xuíz ou tribunal que coñecese desta ditará auto, no cal se determinará a cantidade líquida máxima que se pode reclamar como indemnización dos danos e

perdas sufridos por cada prexudicado, amparados polo dito seguro de subscrición obrigatoria. O auto referido conterá a descrición do feito e a indicación das persoas e vehículos que interviñeron e dos aseguradores de cada un destes.

Se non puidese sinalarse a contía da indemnización por falta de elementos probatorios ou porque os existentes se emitisen sen posibilidade de intervención dos interesados, o auto mencionado no parágrafo anterior só se atrasará polo tempo imprescindible para que con audiencia e intervención dos prexudicados e dos aseguradores se leven a cabo as comprobacións que se coiden necesarias, de oficio ou por petición de parte.

Contra o auto a que se refiren os parágrafos anteriores non se poderá recorrer.

Artigo 14. *Dilixencias preparatorias en vía civil.*

Ocorrido un feito dos que dan lugar a responsabilidade civil cuberta polo seguro obrigatorio, cando aquel non fose obxecto de proceso penal, ou se reservase nel a acción civil, o prexudicado, para reclamarlle ao asegurador a reparación do dano e indemnización de prexuízos en vía civil deberá facer ante o xuíz de primeira instancia ou instrución, ante o xuíz de paz ou ante un notario do lugar do feito ou do seu domicilio, residencia ou paradoiro unha declaración sobre as circunstancias daquel, identificando as persoas lesionadas, os obxectos danados, o vehículo e o condutor que interviñeron na produción do feito e a especificación do asegurador.

Artigo 15. *Reclamación ao asegurador.*

Unha certificación da declaración ou unha copia autorizada desta, acompañada da valoración dos danos, emitida por un perito de seguros, será presentada ao asegurador, quen, no prazo de oito días, con facultade de intervención dun perito de seguros designado por aquel, aboará a cantidade que ambos os peritos fixen de común acordo.

De non mediar acordo, procederase segundo o disposto no parágrafo sexto do artigo 38 da Lei 50/1980, do 8 de outubro, de contrato de seguro.

Artigo 16. *Obriga de pagamento.*

O asegurador, ou o Consorcio de Compensación de Seguros se é o caso, virá obrigado a satisfacer a indemnización fixada polo ditame pericial ata o límite do seguro obrigatorio dentro dos 10 días seguintes á súa fixación.

Artigo 17. *Títulos executivos.*

Un testemuño do auto recaído nas dilixencias a que se refire o artigo 13 constituirá título executivo suficiente para iniciar o procedemento regulado neste capítulo. O prexudicado que obtivese o dito título non poderá prescindir del e acudir en substitución ás dilixencias preparatorias dos artigos 14 e seguintes, salvo nos casos que expresamente se sinalan no dito artigo 14.

O ditame pericial, obtido nas dilixencias preparatorias a que se refiren os artigos 14 e seguintes, será igualmente título executivo, logo de ratificación ante o xuíz a que corresponda despachar a execución.

Artigo 18. Límite cuantitativo.

Para que a reclamación ao asegurador poida facerse en xuízo executivo deberanse cumprir os requisitos de título e contía establecidos no artigo 520 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de axuizamento civil.

Se a cantidade líquida sinalada no título fose inferior á exixida no artigo 520 da Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, a reclamación terá que formularse en xuízo verbal ante o órgano xurisdicional competente.

Artigo 19. Gastos da taxación pericial.

Incluiranse na taxación de custas os gastos que se orixinen na formación do título por dilixencias preparatorias no proceso penal.

Os gastos que ocasione a taxación pericial obtida en vía civil serán incluídos na taxación de custas, a non ser que houbese estimación excesiva dos danos e perdas por parte do prexudicado; en tal caso, serán da súa conta. Considerarase que existe tal exceso cando o reclamado supere nun 25 por cento a cifra que fixe o ditame pericial.

## TÍTULO III

## Dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia do prexudicado, en relación coa aseguranza obrigatoria

### CAPÍTULO I

### Ámbito de aplicación

Artigo 20. *Ámbito de aplicación.*

1. As disposicións deste título resultarán de aplicación aos sinistros causados por vehículos que teñan o seu estacionamento habitual e estean asegurados nun Estado membro do Espazo Económico Europeo, sempre que:

a) O lugar en que ocorra o sinistro sexa España e o prexudicado teña a súa residencia noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo.

b) O lugar en que ocorra o sinistro sexa un Estado membro do Espazo Económico Europeo distinto a España e o prexudicado teña a súa residencia en España.

c) Os sinistros ocorran en terceiros países adheridos ao sistema da carta verde cando o prexudicado teña a súa residencia habitual en España, ou cando o vehículo causante teña o seu estacionamento habitual e estea asegurado en España.

2. O disposto nos artigos 21, 22, 26 e 27 non será de aplicación cando o sinistro fose causado por un vehículo que teña o seu estacionamento habitual e estea asegurado no Estado de residencia do prexudicado.

3. O disposto no artigo 29 resultará tamén aplicable aos accidentes causados por vehículos de terceiros países adheridos ao acordo entre as oficinas nacionais de seguros dos Estados membros do Espazo Económico e doutros Estados asociados.

### CAPÍTULO II

### Representante encargado da tramitación e liquidación no país de residencia do prexudicado dos sinistros ocorridos nun Estado distinto ao de residencia deste último

Artigo 21. *Elección, poderes e funcións do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado polas entidades aseguradoras autorizadas en España en cada un dos Estados membros do Espazo Económico Europeo.*

1. As entidades aseguradoras domiciliadas en España e as sucursais de terceiros países establecidas en territorio español deberán designar, nos restantes Estados membros do Espazo Económico Europeo, un repre-

sentante para a tramitación e liquidación, no Estado de residencia do prexudicado, dos sinistros recollidos no artigo 20.1.

2. O representante deberá residir ou estar establecido no Estado membro en que vaia exercer as súas funcións e dispor de poderes suficientes para representar a entidade aseguradora e satisfacer, na súa integridade, as indemnizacións aos prexudicados. Para este efecto, deberá solicitar toda a información necesaria e adoptar as medidas oportunas para a negociación da liquidación no idioma ou idiomas oficiais do Estado de residencia do prexudicado.

3. As entidades aseguradoras disporán de plena liberdade para designar estes representantes, que poderán actuar por conta dunha ou varias entidades. Así mesmo, deberanlles comunicar a súa designación, nome e enderezo aos organismos de información dos distintos Estados membros do Espazo Económico Europeo.

4. O disposto nos puntos anteriores non resultará de aplicación cando o prexudicado teña a súa residencia en España.

Artigo 22. *Procedemento de reclamación dos prexudicados non residentes en España ante as entidades aseguradoras autorizadas en España ou os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados no resto dos Estados do Espazo Económico Europeo.*

1. O prexudicado poderá presentar a reclamación ante a entidade aseguradora establecida en España ou ante o representante designado por esta no seu país de residencia.

A entidade aseguradora ou o seu representante contestarán a reclamación nun prazo de tres meses desde a súa presentación, e deberá presentarse unha oferta motivada se se determinou a responsabilidade e se cuantificou o dano. En caso contrario, ou se a reclamación fose rexeitada, dará resposta motivada ao formulado na reclamación.

2. Transcorrido o prazo mencionado no punto anterior sen que se presentase unha oferta motivada, devengaranse xuros de demora de acordo co previsto na lexislación que en cada caso resulte de aplicación, en atención ao lugar de ocorrencia do sinistro.

3. O incumprimento do disposto no punto 1 constituirá infracción administrativa de acordo co disposto nos artigos 40.4.h) e 40.5.b) do texto refundido da Lei de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2004, do 29 de outubro.

4. A acción do representante para a tramitación e liquidación de sinistros non será suficiente para modificar o dereito material que se deba aplicar no caso concreto, nin para atribuír a competencia aos órganos xurisdicionais do Estado membro de residencia do prexudicado, salvo o previsto nas normas de dereito internacional público e privado sobre a lei aplicable aos accidentes de circulación e sobre a atribución de competencias xurisdicionais.

Artigo 23. Procedemento de reclamación do prexudicado con residencia en España ante as entidades aseguradoras autorizadas noutro Estado membro do Espazo Económico Europeo ou ante os representantes para tramitación e liquidación de sinistros por estas designados en España.

1. O prexudicado con residencia en España, nos supostos previstos no artigo 20.1, poderá dirixirse directamente á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou ao representante en España para a tramitación e liquidación de sinistros por esta designado.

2. A acción do representante para a tramitación e liquidación de sinistros non será suficiente para atribuír a competencia a órganos xurisdicionais do Estado membro de residencia do prexudicado, salvo no previsto nas normas de dereito internacional privado sobre atribución de competencias xurisdicionais.

## CAPÍTULO III

## **Organismo de información**

Artigo 24. *Designación e funcións do organismo de información.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros actuará como organismo de información, nos supostos previstos no artigo 20.1, para subministrarlle ao prexudicado a información necesaria para que poida reclamar á entidade aseguradora ou ao seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros. Para estes efectos, asumirá as seguintes funcións:

a) Facilitar información relativa ao número de matrícula dos vehículos con estacionamento habitual en España; número da póliza de seguro de responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria que cubra o vehículo, con estacionamento habitual en España, con indicación da data de inicio e fin de vixencia da cobertura; entidade aseguradora que cobre a responsabilidade civil na circulación de vehículos de motor de subscrición obrigatoria, así como nome e enderezo do representante para a tramitación e liquidación de sinistros designados polas entidades aseguradoras.

A dita información deberase conservar durante sete anos a partir da data da expiración do rexistro do vehículo ou da expiración da póliza de seguro.

b) Coordinar a recollida da información e a súa difusión.

c) Prestar asistencia ás persoas que teñan dereito a coñecer a información.

2. Para os efectos da información prevista no punto 1.a), haberá que aterse ao disposto no artigo 2.2 e nas súas normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 25. *Obtención de información do Consorcio de Compensación de Seguros.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros prestaralles asistencia e facilitaralles a información a que se refire o artigo 24.1.a) aos prexudicados de accidentes de circulación ocorridos nun país distinto ao da súa residencia habitual, sempre que se cumpra algunha das condicións seguintes:

a) Que o prexudicado teña a súa residencia en España.

b) Que o vehículo causante do sinistro teña o seu estacionamento habitual en España.

c) Que o sinistro se producise en España.

2. O Consorcio de Compensación de Seguros facilitaralle, así mesmo, ao prexudicado o nome e o enderezo do propietario, do condutor habitual ou do titular legal do vehículo con estacionamento habitual en España, se aquel tivese un interese lexítimo en obter a dita información. Para estes efectos, a Dirección Xeral de Tráfico ou a entidade aseguradora proporcionará estes datos ao Consorcio de Compensación de Seguros, e estableceranse, en todo caso, as medidas técnicas e organizativas necesarias para asegurar a confidencialidade, seguridade e integridade dos datos e as garantías, obrigas e dereitos reco-

ñecidos na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

Á información de que dispoña o Consorcio de Compensación de Seguros terán acceso, ademais dos prexudicados, os aseguradores destes, os organismos de información doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo, a Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles, na súa calidade de organismo de indemnización, e os organismos de indemnización doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo, así como os fondos de garantía doutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.

CAPÍTULO IV

**Organismo de indemnización**

Artigo 26. *Designación.*

Nos supostos previstos polo artigo 20.1, a Oficina Española de Aseguradores de Automóbiles (en diante, Ofesauto) terá a consideración de organismo de indemnización ante o cal os prexudicados con residencia en España poderán presentar reclamación de indemnización nos supostos previstos no artigo 27.

Artigo 27. *Reclamacións ante Ofesauto na súa condición de organismo de indemnización español.*

1. Os prexudicados con residencia en España poderán presentar ante Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización español, reclamación nos seguintes supostos:

a) Se no prazo de tres meses, a partir da data en que o prexudicado presentase a súa reclamación de indemnización á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou ao seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España, ningún dos dous deu resposta motivada ao formulado na reclamación; ou

b) Se a entidade aseguradora non designase representante para a tramitación e liquidación de sinistros en España, salvo que o prexudicado presentase unha reclamación de indemnización directamente á entidade aseguradora do vehículo causante do accidente e recibise desta unha resposta motivada nos tres meses seguintes á presentación da reclamación.

Non obstante, o prexudicado non poderá presentar unha reclamación a Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización, se exerceu o dereito de acción directa contra a aseguradora.

2. Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización, dará resposta á reclamación de indemnización nun prazo de dous meses, contado desde a data en que lle sexa presentada polo prexudicado residente en España, sen que poida condicionar o pagamento da indemnización á proba por parte do prexudicado residente en España de que a persoa responsable non pode pagar ou se nega a facelo. Non obstante, porá termo á súa intervención se a entidade aseguradora ou o seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España dá, con posterioridade, unha resposta motivada á reclamación, ou se ten coñecemento con posterioridade de que o prexudicado exerceu o dereito de acción directa contra a aseguradora do vehículo responsable.

3. Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización español, informará inmediatamente a entidade aseguradora do vehículo causante do accidente ou o seu representante para a tramitación e liquidación de sinistros designado en España, o organismo de indemnización do Estado en que estea situado o establecemento da entidade aseguradora que emitiu a póliza e, de coñecerse a súa identidade, a persoa causante do accidente de que recibiu unha reclamación do prexudicado e de que dará resposta á dita reclamación nun prazo de dous meses contados desde a data da súa presentación.

4. A intervención de Ofesauto, na súa condición de organismo de indemnización español, limítase aos supostos en que a entidade aseguradora non cumpra as súas obrigas, e será subsidiaria desta.

Artigo 28. *Dereito de repetición entre organismos de indemnización, subrogación e reembolso.*

Ofesauto, na súa calidade de organismo de indemnización español, unha vez que indemnizase o prexudicado residente en España, terá dereito a reclamar do organismo de indemnización do Estado membro en que se encontre o establecemento da entidade aseguradora que emitiu a póliza o reembolso do importe satisfeito en concepto de indemnización.

Ofesauto, na súa calidade de organismo de indemnización do Estado membro en que se encontra o establecemento da aseguradora que emitiu a póliza, unha vez que reembolsase ao organismo de indemnización do Estado de residencia do prexudicado o importe por este aboado ao prexudicado en concepto de indemnización, subrogarase nos dereitos do prexudicado.

Artigo 29. *Non identificación do vehículo ou da entidade aseguradora.*

Se non fose posible identificar o vehículo ou se, transcorridos dous meses desde o accidente, non fose posible identificar a entidade aseguradora, o prexudicado residente en España poderá solicitar unha indemnización a Ofesauto, na súa calidade de organismo de indemnización, polos límites da aseguranza de subscrición obrigatoria vixentes no país de ocorrencia do sinistro. O dito organismo de indemnización, unha vez pagada a indemnización e polo importe satisfeito, pasará a ser acredor:

a) Do fondo de garantía do Estado membro en que o vehículo teña o seu estacionamento habitual, en caso de que non poida identificarse a entidade aseguradora.

b) Do fondo de garantía do Estado membro en que ocorrese o accidente, en caso de que non poida identificarse o vehículo.

c) Do fondo de garantía do Estado membro en que ocorrese o accidente, en caso de vehículos de terceiros países adheridos ao sistema de carta verde.

CAPÍTULO V

**Colaboración e acordos entre organismos. Lei aplicable e xurisdición competente**

Artigo 30. *Colaboración e acordos entre organismos.*

1. O Consorcio de Compensación de Seguros colaborará co resto dos organismos de información do Espazo Económico Europeo para facilitar o acceso á súa información aos residentes noutros países distintos a España.

Para o adecuado cumprimento das funcións que se atribúen nesta lei, o consorcio poderá celebrar acordos con organismos de información, con organismos de indemnización e con aquelas organizacións e institucións creadas ou designadas para a xestión dos sinistros a que se refire o artigo 20 noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.

2. Ofesauto poderá celebrar acordos cos organismos de indemnización, con organismos de información ou con

outras institucións creadas ou designadas para a xestión dos sinistros a que se refire o artigo 20 noutros Estados membros do Espazo Económico Europeo.

Artigo 31. *Lei aplicable e xurisdición competente.*

Sen prexuízo do disposto polas normas de dereito internacional privado, aos sinistros a que se refire este título seralles de aplicación a lexislación do Estado en cuxo territorio ocorrese o accidente, e serán competentes os xuíces e tribunais do dito Estado.

Disposición transitoria única. *Subsistencia das contías indemnizatorias actualizadas das táboas I a V do anexo «Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación», da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, incorporado pola Lei 30/1995, do 8 de novembro.*

Para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación ocorridos con anterioridade á entrada en vigor deste texto refundido, subsistirán e resultarán de aplicación as contías indemnizatorias fixadas nas táboas I a V do anexo «Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación» da Lei sobre responsabilidade civil e seguro na circulación de vehículos de motor, incorporado pola disposición adicional oitava da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados; así como as resolucións da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións mediante as cales se fixeron públicas as actualizacións anuais das ditas contías.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6. e 149.1.14. da Constitución, neste último caso en canto á consideración fiscal das indemnizacións pagadas conforme o sistema de valoración dos danos e perdas contido no anexo.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria.*

Habilítase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e execución desta lei.

## ANEXO

### Sistema para a valoración dos danos e perdas causados ás persoas en accidentes de circulación

Primeiro. Criterios para a determinación da responsabilidade e a indemnización.

1. Este sistema aplicarase á valoración de todos os danos e perdas ás persoas ocasionados en accidente de circulación, salvo que sexan consecuencia de delito doloso.
2. Equipararase á culpa da vítima o suposto en que, sendo esta inimputable, o accidente sexa debido á súa conduta ou concorra con ela á produción deste.
3. Para os efectos da aplicación das táboas, a idade da vítima e dos prexudicados e beneficiarios será a referida á data do accidente.
4. Teñen a condición de prexudicados, en caso de falecemento da vítima, as persoas enumeradas na táboa I e, nos restantes supostos, a vítima do accidente.
5. Darán lugar a indemnización a morte, as lesións permanentes, invalidantes ou non, e as incapacidades temporais.
6. Ademais das indemnizacións fixadas conforme as táboas, satisfaranse en todo caso os gastos de asistencia médica e hospitalaria e, ademais, nas indemnizacións por morte, os gastos de enterro e funeral.
7. A contía da indemnización por danos morais é igual para todas as vítimas, e a indemnización polos danos psicofísicos enténdese na súa acepción integral de respecto ou restauración do dereito á saúde. Para asegurar a total indemnidade dos danos e perdas causados, téñense en conta, ademais, as circunstancias económicas, incluídas as que afectan a capacidade de traballo e perda de ingresos da vítima, as circunstancias familiares e persoais e a posible existencia de circunstancias excepcionais que poidan servir para a exacta valoración do dano causado. Son elementos correctores de diminución en todas as indemnizacións, incluso nos gastos de asistencia médica e hospitalaria e de enterro e funeral, a concorrencia da propia vítima na produción do accidente ou na agravación das súas consecuencias e, ademais, nas indemnizacións por lesións permanentes, a subsistencia de incapacidades preexistentes ou alleas ao accidente que influísen no resultado lesivo final; e son elementos correctores de agravación nas indemnizacións por lesións permanentes a produción de invalideces concorrentes e, se é o caso, a subsistencia de incapacidades preexistentes.
8. En calquera momento poderá convirse ou acordarse xudicialmente a substitución total ou parcial da indemnización fixada pola constitución dunha renda vitalicia en favor do prexudicado.
9. A indemnización ou a renda vitalicia só poderán ser modificadas por alteracións substanciais nas circunstancias que determinaron a fixación daquelas ou pola aparición de danos sobrevidos.
10. Anualmente, con efectos do 1 de xaneiro de cada ano e a partir do ano seguinte á entrada en vigor deste texto refundido, deberán actualizarse as contías indemnizatorias fixadas neste anexo e, no seu defecto, quedarán automaticamente actualizadas na porcentaxe do índice xeral de prezos de consumo correspondente ao ano natural inmediatamente anterior. Neste último caso e para facilitar o seu coñecemento e aplicación, faranse públicas as ditas actualizacións por resolución da Dirección Xeral de Seguros e Fondos de Pensións.
11. Na determinación e concreción das lesións permanentes e as incapacidades temporais, así como na sanidade do prexudicado, será preciso informe médico.

Segundo. Explicación do sistema.

a) Indemnizacións por morte (táboas I e II).

Táboa I.—Comprende a cuantificación dos danos morais, dos danos patrimoniais básicos e a determinación legal dos prexudicados, e fixará os criterios de exclusión e concorrencia entre eles.

Para a determinación dos danos téñense en conta o número dos prexudicados e a súa relación coa vítima, dunha parte, e a idade da vítima doutra.

As indemnizacións están expresadas en euros.

Táboa II.—Describe os criterios que deben ponderarse para fixar os restantes danos e perdas ocasionados, así como os elementos correctores destes. Para os ditos efectos, debe terse en conta que tales danos e perdas son fixados mediante porcentaxes de aumento ou diminución sobre as contías fixadas na táboa I e que son satisfeitos separadamente e ademais dos gastos correspondentes ao dano emerxente, isto é, os de asistencia médica e hospitalaria e os de enterro e funeral.

Os factores de corrección fixados nesta táboa non son excluíntes entre si, senón que poden concorrer conxuntamente nun mesmo sinistro.

b) Indemnizacións por lesións permanentes (táboas III, IV e VI).—A contía destas indemnizacións fíxase partindo do tipo de lesión permanente ocasionado ao prexudicado desde o punto de vista físico ou funcional, mediante puntos asignados a cada lesión (táboa VI); a tal puntuación aplícase o valor de punto en euros en función inversamente proporcional á idade do prexudicado e incrementado o valor de punto a medida que aumenta a puntuación (táboa III); e, finalmente, sobre tal contía aplícanse os factores de corrección en forma de porcentaxes de aumento ou redución (táboa IV), co fin de fixar concretamente a indemnización polos danos e perdas ocasionados que deberá ser satisfeita, ademais dos gastos de asistencia médica e hospitalaria.

Táboas III e VI.—Correspóndense, para as lesións permanentes, coa táboa I para a morte.

En concreto, para a táboa VI deberá terse en conta:

1. Sistema de puntuación.—Ten unha dobre perspectiva. Por unha parte, a puntuación de 0 a 100 que contén o sistema, onde 100 é o valor máximo asignable á maior lesión resultante; pola outra, as lesións conteñen unha puntuación mínima e outra máxima.

A puntuación adecuada ao caso concreto estableceríase tendo en conta as características específicas da lesión en relación co grao de limitación ou perda da función que sufrise o membro ou órgano afectado.

A táboa VI incorpora, pola súa vez, en relación co sistema ocular e o sistema auditivo, unhas táboas en que se reflicten os danos correspondentes ao lado dereito dos órganos da vista e do oído, nos eixes das abscisas. Os do lado esquerdo destes órganos, no eixe das ordenadas. Por tanto, cos datos contidos no informe médico sobre a agudeza visual ou auditiva do lesionado despois do accidente localizaranse os correspondentes ao lado dereito, no eixe das abscisas, e os do lado esquerdo, no eixe das ordenadas. Trazando liñas perpendiculares a partir de cada un deles, obterase a puntuación da lesión, que corresponderá á contida no cadro onde conflúan ambas as liñas. A puntuación oscila entre 0 e 85 no órgano da visión, e de 0 a 70 no da audición.

2. Incapacidades concorrentes.—Cando o prexudicado resulte con diferentes lesións derivadas do mesmo accidente, outorgarase unha puntuación conxunta, que se obterá aplicando a fórmula seguinte:

$$\frac{(100 - M) \times m}{100} + M$$

onde:

M = puntuación de maior valor.

m = puntuación de menor valor.

Se nas operacións aritméticas se obtivesen fraccións decimais, redondearase á unidade máis alta.

Se son máis de dúas as lesións concorrentes, continuarase aplicando esta fórmula, e o termo «M» corresponderase co valor do resultado da primeira operación realizada.

En calquera caso, a última puntuación non poderá ser superior a 100 puntos.

Se, ademais das secuelas permanentes, se valora o prexuízo estético, os puntos por este concepto sumaranse aritmeticamente aos resultantes das incapacidades permanentes, sen aplicar respecto daqueles a indicada fórmula.

Táboa IV.—Correspóndese coa táboa II das indemnizacións por morte e sonlle aplicables as mesmas regras, singularmente a de posible concorrencia dos factores de corrección.

c) Indemnizacións por incapacidades temporais (táboa V).—Estas indemnizacións serán compatibles con calquera outra e determínanse por un importe diario (variable segundo se precise ou non unha estadía hospitalaria) multiplicado polos días que tarda en sandar a lesión e corrixido conforme os factores que expresa a propia táboa, salvo que se apreciase na conduta do causante do dano culpa relevante e, se é o caso, xudicialmente declarada.

## ANEXO

### Táboa I

### Indemnizacións básicas por morte incluídos danos morais

| Prexudicados/beneficiarios (1) da indemnización (por grupos excluíntes) | Idade da vítima | | |
|---|---|---|---|
| | Ata 65 anos — Euros | De 66 a 80 anos — Euros | Máis de 80 anos — Euros |
| Grupo I | | | |
| *Vítima con cónxuxe* (2) | | | |
| Ao cónxuxe | 90.278,048279 | 67.708,532916 | 45.139,024140 |
| A cada fillo menor | 37.615,854547 | 37.615,854547 | 37.615,854547 |
| A cada fillo maior | — | — | — |
| Se é menor de vinte e cinco anos | 15.046,339185 | 15.046,339185 | 5.642,377194 |
| Se é maior de vinte e cinco anos | 7.523,169592 | 7.523,169592 | 3.761,584796 |
| A cada pai con ou sen convivencia coa vítima | 7.523,169592 | 7.523,169592 | — |
| A cada irmán menor orfo e dependente da vítima | 37.615,854547 | 37.615,854547 | — |
| Grupo II | | | |
| *Vítima sen cónxuxe* (3) *e con fillos menores* | | | |
| Só un fillo | 135.417,065833 | 135.417,065833 | 135.417,065833 |
| Só un fillo, de vítima separada legalmente | 105.324,387464 | 105.324,387464 | 105.324,387464 |
| Por cada fillo menor máis (4) | 37.615,854547 | 37.615,854547 | 37.615,854547 |

| Prexudicados/beneficiarios (1) da indemnización (por grupos excluíntes) | Idade da vítima | | |
|---|---|---|---|
| | Ata 65 anos — Euros | De 66 a 80 anos — Euros | Máis de 80 anos — Euros |
| A cada fillo maior que concorra con menores | 15.046,339185 | 15.046,339185 | 5.642,377194 |
| A cada pai con ou sen convivencia coa vítima | 7.523,169592 | 7.523,169592 | — |
| A cada irmán menor orfo e dependente da vítima | 37.615,854547 | 37.615,854547 | — |
| Grupo III | | | |
| *Vítima sen cónxuxe* (3) *e con todos os seus fillos maiores* | | | |
| III.1 Ata vinte e cinco anos: | | | |
| A un só fillo | 97.801,217871 | 97.801,217871 | 56.423,778528 |
| A un só fillo, de vítima separada legalmente | 75.231,702509 | 75.231,702509 | 5.139,024140 |
| Por cada outro fillo menor de vinte e cinco anos (4) | 22.569,508777 | 22.569,508777 | 11.284,754388 |
| A cada fillo maior de vinte e cinco anos que concorra con menores de vinte e cinco anos | 7.523,169592 | 3.761,584796 | 7.523,169592 |
| A cada pai con ou sen convivencia coa vítima | 7.523,169592 | 7.523,169592 | — |
| A cada irmán menor orfo e dependente da vítima | 37.615,854547 | 37.615,854547 | — |
| III.2 Máis de vinte e cinco anos: | | | |
| A un só fillo | 45.139,024140 | 45.139,024140 | 30.092,684955 |
| Por cada outro fillo maior de vinte e cinco anos máis (4) | 7.523,169592 | 7.523,169592 | 3.761,584796 |
| A cada pai con ou sen convivencia coa vítima 7.523,169592 | 7.523,169592 | — | |
| A cada irmán menor orfo e dependente da vítima | 37.615,854547 | 37.615,854547 | — |
| Grupo IV | | | |
| *Vítima sen cónxuxe* (3) *nin fillos e con ascendentes* | | | |
| Pais (5): | | | |
| Convivencia coa vítima | 82.754,872101 | 60.185,363324 | — |
| Sen convivencia coa vítima | 60.185,363324 | 45.139,024140 | — |
| Avó sen pais (6): | | | |
| A cada un | 22.569,508777 | — | — |
| A cada irmán menor de idade en convivencia coa vítima nos dous casos anteriores | 15.046,339185 | — | — |
| Grupo V | | | |
| *Vítima con irmáns soamente* | | | |
| V.1 Con irmáns menores de vinte e cinco anos: | | | |
| A un só irmán | 60.185,363324 | 45.139,024140 | 30.092,684955 |
| Por cada outro irmán menor de vinte e cinco anos (7) | 15.046,339185 | 15.046,339185 | 7.523,169592 |
| A cada irmán maior de vinte e cinco anos que concorra con irmáns menores de vinte e cinco anos | 7.523,169592 | 7.523,169592 | 7.523,169592 |
| V.2 Sen irmáns menores de vinte e cinco anos: | | | |
| A un só irmán | 37.615,854547 | 22.569,508777 | 15.046,339185 |
| Por cada outro irmán (7) | 7.523,169592 | 7.523,169592 | 7.523,169592 |

(1) Con carácter xeral:

a) Cando se trate de fillos, incluiranse tamén os adoptivos.

b) Cando se fixen contías distintas segundo a idade do prexudicado ou beneficiario, aplicarase a idade que tivese este na data en que se produciu o accidente da vítima.

(2) Cónxuxe non separado legalmente ao tempo do accidente.

As unións conxugais de feito consolidadas asimilaranse ás situacións de dereito.

(3) Equipáranse á ausencia de cónxuxe a separación legal e o divorcio. Non obstante, se o cónxuxe separado ou divorciado ten dereito á pensión regulada no artigo 97 do Código civil, corresponderalle unha indemnización igual ao 50 por 100 das fixadas para o cónxuxe no grupo I.

Nos supostos de concorrencia con unións conxugais de feito ou, se é o caso, daqueles ou estes con cónxuxes non separados legalmente, a indemnización fixada para o cónxuxe no grupo I distribuirase entre os concorrentes en proporción á contía que lles correspondese de non haber concorrencia.

(4) A contía total da indemnización que corresponda segundo o número de fillos asignarase entre eles a partes iguais.

(5) Se concorresen un que convivise e outro que non convivise coa vítima, asignarase a cada un o 50 por 100 da contía que figura no seu respectivo concepto.

(6) A contía total da indemnización distribuirase ao 50 por 100 entre os avós paternos e maternos.

(7) A contía total da indemnización que corresponda segundo o número de irmáns asignarase entre eles a partes iguais.

## TÁBOA II

### Factores de corrección para as indemnizacións básicas por morte

| Descrición | Aumento (en porcentaxe ou en euros) | Porcentaxe de redución |
|---|---|---|
| *Prexuízos económicos* | | |
| Ingresos netos anuais da vítima por traballo persoal: | | |
| Ata 22.569,508777 euros (1) | Ata o 10 | — |
| De 22.569,521949 a 45.139,024140 euros | Do 11 ao 25 | — |
| De 45.139,030726 a 75.231,702509 euros | Do 26 ao 50 | — |
| Máis de 75.231,702509 euros | Do 51 ao 75 | — |
| *Circunstancias familiares especiais* | | |
| Discapacidade física ou psíquica acusada (anterior ao accidente) do prexudicado/beneficiario: | | |
| Se é cónxuxe ou fillo menor | Do 75 ao 100 (2) | — |
| Se é fillo maior con menos de vinte e cinco anos | Do 50 ao 75 (2) | — |
| Calquera outro prexudicado/beneficiario | Do 25 ao 50 (2) | — |
| *Vítima fillo único* | | |
| Se é menor | Do 30 ao 50 | — |
| Se é maior, con menos de vinte e cinco anos | Do 20 ao 40 | — |
| Se é maior, con máis de vinte e cinco anos | Do 10 ao 25 | — |
| *Falecemento de ambos os pais no accidente* | | |
| Con fillos menores | Do 75 ao 100 (3) | — |
| Sen fillos menores: | | |
| Con fillos menores de vinte e cinco anos | Do 25 ao 75 (3) | — |
| Sen fillos menores de vinte e cinco anos | Do 10 ao 25 (3) | — |
| *Vítima embarazada con perda do feto como consecuencia do accidente* | | |
| Se o concibido fose o primeiro fillo: | | |
| Ata o terceiro mes de embarazo | 11.284,754388 | — |
| A partir do terceiro mes | 30.092,684955 | — |
| Se o concibido fose o segundo fillo ou posteriores: | | |
| Ata o terceiro mes | 7.523,169592 | — |
| A partir do terceiro mes | 15.046,339185 | — |
| *Elementos correctores do punto primeiro.7 deste anexo.* | — | Ata o 75 |

(1) Incluirase neste punto calquera vítima en idade laboral, aínda que non se xustifiquen ingresos.
(2) Sobre a indemnización que corresponda ao beneficiario discapacitado.
(3) Sobre a indemnización básica que corresponda a cada prexudicado.

## TÁBOA III

### Indemnizacións básicas por lesións permanentes (incluídos danos morais)

*Valores do punto en euros*

| Puntos | Menos de 20 anos—Euros | De 21 a 40 anos—Euros | De 41 a 55 anos—Euros | De 56 a 65 anos—Euros | máis de 65 anos—Euros |
|---|---|---|---|---|---|
| 1 | 668,946311 | 619,306184 | 569,652886 | 524,418921 | 469,378118 |
| 2 | 689,594021 | 636,996694 | 584,392783 | 538,928302 | 476,813929 |
| 3 | 708,120979 | 652,823313 | 597,499304 | 551,889926 | 484,335359 |
| 4 | 724,546941 | 666,766282 | 608,952691 | 563,284039 | 488,399040 |
| 5 | 738,858735 | 678,832184 | 618,772703 | 573,130395 | 492,548341 |
| 6 | 751,076120 | 689,014437 | 626,946167 | 581,389480 | 495,617505 |
| 7 | 767,218876 | 702,871783 | 638,511519 | 592,770419 | 501,538492 |
| 8 | 781,761187 | 715,326272 | 648,851840 | 602,979015 | 506,642791 |

| Puntos | Menos de 20 anos—Euros | De 21 a 40 anos—Euros | De 41 a 55 anos—Euros | De 56 a 65 anos—Euros | máis de 65 anos—Euros |
|---|---|---|---|---|---|
| 9 | 794,749157 | 726,364729 | 657,960543 | 612,008684 | 510,910642 |
| 10-14 | 806,149854 | 735,993741 | 665,844215 | 619,879183 | 514,381565 |
| 15-19 | 947,443424 | 867,217024 | 786,970865 | 729,835652 | 574,012945 |
| 20-24 | 1.077,211157 | 987,737744 | 898,257744 | 830,841487 | 628,480749 |
| 25-29 | 1.206,722029 | 1.107,922568 | 1.009,136281 | 931,597047 | 684,107723 |
| 30-34 | 1.327,960644 | 1.220,460825 | 1.112,967591 | 1.025,924483 | 736,006914 |
| 35-39 | 1.441,137761 | 1.325,523754 | 1.209,916332 | 1.114,001623 | 784,296871 |
| 40-44 | 1.546,470724 | 1.423,322113 | 1.300,180089 | 1.195,966778 | 829,069801 |
| 45-49 | 1.644,143946 | 1.514,020558 | 1.383,903756 | 1.271,978015 | 870,391568 |
| 50-54 | 1.734,394530 | 1.597,836433 | 1.461,278335 | 1.342,226336 | 908,367549 |
| 55-59 | 1.854,467390 | 1.563,726546 | 1.435,532912 | 962,334803 | 1.709,096968 |
| 60-64 | 1.972,182392 | 1.818,184060 | 1.664,192314 | 1.527,008529 | 1.015,235094 |
| 65-69 | 2.087,605400 | 1.925,124053 | 1.762,662464 | 1.616,705872 | 1.067,114525 |
| 70-74 | 2.200,756173 | 2.029,982810 | 1.859,222620 | 1.704,624944 | 1.117,966511 |
| 75-79 | 2.311,674226 | 2.132,773503 | 1.953,885952 | 1.790,831606 | 1.167,823981 |
| 80-84 | 2.420,438594 | 2.233,555408 | 2.046,685392 | 1.875,352204 | 1.216,700110 |
| 85-89 | 2.527,049279 | 2.332,361454 | 2.137,673630 | 1.958,206494 | 1.264,627826 |
| 90-99 | 2.631,591898 | 2.429,231161 | 2.226,863837 | 2.039,447167 | 1.311,613717 |
| 100 | 2.734,073039 | 2.524,190871 | 2.314,321875 | 2.119,120328 | 1.357,670955 |

## TÁBOA IV

**Factores de corrección para as indemnizacións básicas por lesións permanentes**

| Descrición | Aumento (en porcentaxe ou en euros) | Porcentaxe de redución |
|---|---|---|
| *Prexuízos económicos* | | |
| Ingresos netos da vítima por traballo persoal: | | |
| Ata 22.569,508777 euros (1) | Ata o 10 | — |
| De 22.569,521949 a 45.139,024140 euros | Do 11 ao 25 | — |
| De 45.139,030726 ata 75.231,702509 euros | Do 6 ao 50 | — |
| Máis de 75.231,702509 euros | Do 51 ao 75 | — |
| *Danos morais complementarios* | | |
| Entenderanse ocasionados cando unha soa secuela exceda 75 puntos ou as concorrentes superen os 90 puntos. Só nestes casos será aplicable | Ata 75.231,702509 | — |
| *Lesións permanentes que constitúan unha incapacidade para a ocupación ou actividade habitual da vítima* | | |
| Permanente parcial: | | |
| Con secuelas permanentes que limiten parcialmente a ocupación ou actividade habitual, sen impedir a realización das tarefas fundamentais desta | Ata 15.046,339185 | — |
| Permanente total: | | |
| Con secuelas permanentes que impidan totalmente a realización das tarefas da ocupación ou actividade habitual do incapacitado | De 15.046,345771 a 75.231,702510 | — |
| Permanente absoluta: | | |
| Con secuelas que inhabiliten o incapacitado para a realización de calquera ocupación ou actividade | De 75.231,709095 a 150.463,411603 | — |
| *Grandes inválidos* | | |
| Persoas afectadas con secuelas permanentes que requiren a axuda doutras persoas para realizar as actividades máis esenciais da vida diaria, como vestirse, desprazarse, comer ou análogas (tetraplexías, paraplexías, estados de coma víxil ou vexetativos crónicos, importantes secuelas neurolóxicas ou neuropsiquiátricas con graves alteracións mentais ou psíquicas, cegueira completa, etc.) | | |
| Necesidade de axuda doutra persoa: | | |
| Ponderando a idade da vítima e o grao de incapacidade para realizar as actividades máis esenciais da vida. Asimílase a esta prestación o custo da asistencia nos casos de estados de coma víxil ou vexetativos crónicos | Ata 300.926,816622 | — |

| Descrición | Aumento (en porcentaxe ou en euros) | Porcentaxe de redución |
|---|---|---|
| *Adecuación da vivenda* | | |
| Segundo características da vivenda e circunstancias do incapacitado, en función das súas necesidades | Ata 75.231,702509 | — |
| Prexuízos morais de familiares: | | |
| Destinados a familiares próximos ao incapacitado en atención á substancial alteración da vida e convivencia derivada dos coidados e atención continuada, segundo circunstancias | Ata 112.847,557056 | — |
| *Embarazada con perda de feto como consecuencia do accidente (2)* | | |
| Se o concibido fose o primeiro fillo: | | |
| Ata o terceiro mes de embarazo | Ata 11.284,754388 | — |
| A partir do terceiro mes | Ata 30.092,684955 | — |
| Se o concibido fose o segundo fillo ou posteriores: | | |
| Ata o terceiro mes de embarazo | Ata 7.523,169592 | — |
| A partir do terceiro mes | Ata 15.046,339185 | — |
| *Elementos correctores do punto primeiro.7 deste anexo* | Segundo circunstancias | Segundo circunstancias |
| *Adecuación de vehículo propio* | | |
| Segundo características do vehículo e circunstancias do incapacitado permanente, en función das súas necesidades | Ata 22.569,508777 | — |

(1) Incluirase neste punto calquera vítima en idade laboral, aínda que non se xustifiquen ingresos.
(2) Procederá a percepción desta indemnización, aínda que a embarazada non sufrise lesións.

## TÁBOA V

**Indemnizacións por incapacidade temporal**

*(Compatibles con outras indemnizacións)*

A) Indemnización básica (incluídos danos morais):

| Día de baixa | Indemnización diaria — Euros |
|---|---|
| Durante a estadía hospitalaria | 56,384386 |
| Sen estadía hospitalaria: | |
| Impeditivo (1) | 45,813548 |
| Non impeditivo | 24,671873 |

(1) Enténdese por día de baixa impeditivo aquel en que a vítima está incapacitada para desenvolver a súa ocupación ou actividade habitual.

B) Factores de corrección:

| Descrición | Porcentaxes aumento | Porcentaxes diminución |
|---|---|---|
| Prexuízos económicos: | | |
| Ingresos netos anuais da vítima por traballo persoal: | | |
| Ata 22.569,508777 euros | Ata o 10 | — |
| De 22.569,521949 a 45.139,024140 euros | Do 11 ao 25 | — |
| De 45.139,030726 ata 75.231,702509 euros | Do 26 ao 50 | — |
| Máis de 75.231,702509 euros | Do 51 ao 75 | — |
| Elementos correctores de diminución do punto primeiro.7 deste anexo | — | Ata o 75 |

## TÁBOA VI

**Clasificacións e valoración de secuelas**

ÍNDICE

Capítulo 1. Cabeza:

Cranio e encéfalo.
Cara:

Sistema osteoarticular.
Boca.
Nariz.
Sistema olfactivo e gustativo.
Sistema ocular.
Sistema auditivo.

Capítulo 2. Tronco:

Columna vertebral e pelve.
Pescozo (órganos).
Tórax.
Abdome e pelve (órganos e vísceras).

Capítulo 3. Aparello cardiovascular:

Corazón.
Vascular periférico.

Capítulo 4. Extremidade superior e cintura escapular:

Ombro.
Clavícula.
Brazo.
Cóbado.
Antebrazo e pulso.
Man.

Capítulo 5. Extremidade inferior e cadeira:

Dismetrías.
Cadeira.
Coxa.
Xeonllo.
Perna.
Nocello.
Pé.

Capítulo 6. Medula espiñal e pares craniais:

Medula espiñal.
Nervios craniais.

Capítulo 7. Sistema nervioso periférico:

Membros superiores.
Membros inferiores.

Capítulo 8. Trastornos endócrinos:

Capítulo especial. Prexuízo estético.

Regras de carácter xeral:

